

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE NOVIEMBRE DE 2009**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaioito de novembro deste ano, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Segunda Tenenta de Alcalde, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA (auséntase da sesión no punto número 11/834 da orde do día e reincorpórase a esta unha vez finalizada a votación deste punto). Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 11 de novembro de 2009.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a rectificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 22 de xullo de 2.009 sobre o recurso de reposición interposto, en relación coa licenza para o desmontaxe e posterior reconstrución de cuberta a outra altura no edificio situado na rúa dos Paxariños, número 6.

Tamén se aproba o pronunciamento sobre o silencio administrativo na solicitude de licenza de obra para instalar unha estación de telefonía celular no solo urbanizable non programado IN-B, zona do Ceao.

Así mesmo, acórdase a toma de razón da sentenza firme número 106/2008, en relación con recurso contencioso administrativo número 557/2007, relativo a licenza de obras nas naves sitas nas parcelas 12, 13 e 14 da rúa dos Carpinteiros.

## ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09extractoxg51.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-11-2009

Do mesmo xeito, acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición de edificación sita na rúa San Lourenzo; para acondicionamento do xardín posterior (ocupando zona interior do patio de mazá), na rúa do Miño, número 14, para construción de garaxe vinculado a unha vivenda unifamiliar con licenza número 1.702/05, sita no núcleo rural tradicional de Porto de Lugo, parroquia de San Vicente de Pías e para legalización de ampliación en profundidade do piso 1º e de voladizos en pisos 1º e 2º, así como cambio de uso de local a garaxe en edificación con licenzas 479/66 e 684/96, sito na rúa Montirón, número 113.

Acórdase a denegación das seguintes licenzas: para instalación estrutura de soporte para monoposte publicitario con fuste de 16 metros de altura e a dúas caras paralelas de 12x5 m. no campo de fútbol do Ceao, avda. Benigno Rivera e rúa Agricultura e para legalización de obras xa executadas e obras de reforma no edificio de tipoloxía tradicional, auxiliar e anexa a vivenda unifamiliar para uso de almacén, no núcleo rural tradicional de Lamas parroquia de Santalla de Lamas.

Tamén, se acorda a concesión de licenza de primeira utilización para o edificio sito na Estrada da Granxa 4-6, con licenza de obra 423/00.

### ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

**2. PERSOAL.-** Acórdase o nomeamento de Bombeiros Condutores do Excmo. Concello de Lugo.

Tamén se acorda o nomeamento de Licenciada en Dereito do Excmo. Concello de Lugo.

### ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a declaración de deserto do procedemento para o lote 2 – subministración de comidas ós usuarios do centro de día na contratación do servizo público municipal do centro de día “Novo Antonio Gandoy” sito na rúa Carril Das Hortas e subministración de comidas ós usuarios.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como da adxudicación por procedemento aberto

**ACTAS E GOBERNO**

LRP/cvr

Ref#: 09extractoxg51.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-11-2009

para a contratación da xestión do matadoiro municipal do Concello de Lugo e da apertura do procedemento de adxudicación.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

- Aprobación inicial do proxecto de recuperación da Fonte da Pinguela e o seu contorno.

Lugo, 18 de novembro de 2009  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García